

# GESTIÓN TRIBUTARIA E CATASTRAL



MEMORIA 2021



# MEMORIA ANUAL



# 2021



## PRESENTACIÓN

Un ano máis teño a satisfacción de presentar a memoria anual de xestión do órgano ORAL desta Deputación, que desenvolve a actividade da xestión delegada en materia tributaria e recadadora de tributos locais e doutros ingresos de dereito público.

A confianza que os concellos da provincia lle outorgan, ano tras ano, a esta Deputación, para xestionar de forma eficaz e eficiente unha boa parte do que constitúe a fonte de financiamento necesaria para desenvolver a súa acción de goberno, podo dicir que ten a súa xustificación no bo facer que se desprende desta memoria.

O ORAL está aliñado activamente na estratexia desta Deputación no marco dunha Administración comprometida cos obxectivos da axenda 2030 da ONU e, especialmente, co obxectivo 16, isto é, promover sociedades pacíficas e inclusivas co fin de conseguir un desenvolvemento sostible para todas as persoas e desenvolver institucións eficaces e inclusivas, así como co obxectivo 17, encamiñado a establecer alianzas para impulsar os obxectivos integrais da Axenda.

Deste xeito, e enmarcadas nas metas da ONU ao respecto (16.6, 16.7, 17.17 etc.), nesta memoria amósanse de forma transparente as estratexias e os plans de mellora que leva impulsando o órgano nos últimos anos e que responden á concepción firme de crear unha Administración eficaz, eficiente, accesible ás persoas, responsable e transparente, que garanta o acceso público á información na materia que xestiona e mais os seus esforzos no impulso de alianzas cos concellos en materia tributaria local, ofrecendo formación que visualice as posibilidades da regulación dos tributos locais no eido da localización e do impulso dos obxectivos locais da Axenda 2030.

O ORAL-Deputación de Pontevedra fixo gala dunha gran responsabilidade social durante a pandemia da COVID-19, ao articular de forma inmediata medidas destinadas a facilitarlles os pagos ás persoas (adaptación do calendario fiscal, articulación da chave segura na oficina virtual etc.) e a facilitarlles liquidez aos concellos e asesoramento na implantación de medidas fiscais con efectos potenciais nos sectores máis afectados pola crise. Nesta fase de normalización da situación sanitaria, a memoria do actual exercicio amósanos resultados que en parte están afectados por esas medidas adoptadas en períodos anteriores (a recadación en período executivo de cobro), pero aínda illando o efecto dese traslado dos períodos de cobro, apréciase un progreso moi substancial en todos os rateos de medición e tamén unha mellora activa na dixitalización dos servizos, á par que un esforzo importante por reforzar medios non presenciais de atención ás persoas que teñan en conta o posible impacto da fenda tecnolóxica na provincia (implantación de pago por xiro postal de Correos e acompañamento nas oficinas presenciais).

Os parámetros máis salientables son os seguintes:

- O **97,9 %** do volume cuantitativo dos **recibos e das liquidacións en xestión integral global no ORAL** en 2021 (221,4 millóns de euros) **correspóndese coa xestión delegada** por entes locais e concellos da provincia (216,9 millóns de euros), polo que o ORAL se consolida como ferramenta imprescindible na asistencia aos concellos que se realiza desde esta Deputación. Máis do 72 % dos valores en xestión de cobro no ORAL correspondeu a municipios da provincia que teñen menos de 20.000 habitantes (un total de 157 millóns
- A xestión delegada que se leva a cabo a través da **aprobación anual de padróns** foi de 116,9 millóns de euros en 2021 (descontadas as baixas), cunha contía por recadación de 107,4 millóns de euros dentro da propia anualidade, **o que representa unha porcentaxe de recadación do 92,07 %** e que aglutina o IBI, o IAE, o IVTM e diversas taxas ; un novo incremento porcentual que xa se producira en máis de tres puntos no ano 2020 con respecto a 2019 .Tendo en conta que esta forma de xestión supuxo case o 90 % do volume global de novos cargos xestionados en 2021 (o 89,4 %), a mellora neste é moi significativa e relaciónase tanto co mantemento constante das bases de datos do ORAL coma coas facilidades de pago postas a disposición das persoas a través de medios dixitais e postais, así como coa simplificación na tramitación en liña de domiciliacións que, de feito, incrementaron a contía monetaria (69 millóns de euros no ano 2021) máis de seis puntos e medio porcentuais ao respecto do ano anterior.

**No IBI**, o imposto cuantitativamente máis importante, os resultados de xestión amosan en 2021 que **máis da metade de concellos que teñen delegada a xestión deste imposto no ORAL tiveron taxas que superaron o 90 %** de recadación (26 concellos dun total de 50; catro máis que en 2020). O incremento da recadación foi notorio se o comparamos co período 2017-2021. Pasamos de taxas do 87 % no ano 2017 a taxas do 89,8 % no ano 2021, igual que no **IAE**, onde un total de **37 concellos de 50** superaron a porcentaxe do 90 % de recadación, cinco puntos máis que no exercicio precedente.

A xestión realizada a través de liquidacións de ingreso directo que inclúe tamén aquelas derivadas de regularizacións catastrais, altas e baixas do IAE e IVTM, variacións nas taxas xestionadas ou liquidacións dimanantes de procedementos inspectores ou sancións de tráfico, incrementouse ata acadar preto dos 13,6 millóns de euros.

- **Atendendo á integridade dos valores do exercicio en período voluntario de cobro, os impostos que incrementaron a porcentaxe de recadación respecto do ano anterior foron o IAE, con máis de catro puntos porcentuais, o ICIO, cun incremento de case 1,5 puntos, e o IVTM, cunha lixeira variación decimal; pero esta tendencia tamén se observa nas taxas, con case catro puntos sobre o exercicio precedente, e no IIVTNU e noutros conceptos, con máis de oito puntos porcentuais sobre o ano 2020.**
- O resultado final da recadación de 2021, se temos en conta os valores pendentes de cobro a 31 de decembro do ano anterior, que configura o total do volume anual de xestión delegada (216,9 millóns de euros), cífrase na memoria en 135,9 millóns de euros fronte aos 126,9 millóns do ano 2020; é dicir, un incremento de 8,9 millóns de euros, o que mellora moi substancialmente en máis de catro puntos porcentuais **a ratio de cobros sobre os valores para xestionar, que pasa do 58,16 % no ano 2020 ao 62,65 %**. As causas deste notorio incremento (en cobros voluntarios e executivos) explícanse con detalle na memoria e nela tamén se describen as medidas adoptadas de mellora na xestión activa de valores en xestión de cobro, así como as medidas de xestión que deveñen nunha maior inmediatez no traspaso de liquidez non reembolsable aos concellos, sobre a base da recadación efectiva realizada pola súa conta, aínda que esta non implique a liquidación total das débedas en xestión de cobro senón un cobro parcial. Así mesmo, indícase o efecto que xa indicamos do desprazamento dos calendarios e das actuacións coercitivas de recadación executiva no ano 2020 polo efecto da COVID-19.

Outros resultados que se destacan no plano da xestión nesta memoria son:

- **O mantemento íntegro das delegacións existentes en 2020 e o incremento delas** a través das efectuadas por tres concellos da provincia, o que configura un mapa de máis de 63 entidades locais (concellos e entes) que confían no ORAL para levar a cabo xestións en materia tributaria e, en concreto, **o 88 % dos concellos da provincia e o 94 % dos de menos de 20.000 habitantes.**
- O incremento constante no número de asistencia realizadas ás persoas contribuíntes ata situarse en 351.685 asistencia, 76.277 máis que en 2020, e nas que se observa como se vai incrementando a porcentaxe das non presenciais ata acadar un peso relativo do 79,96 % sobre as totais pero sen diminuír o reforzo da atención telefónica, cun incremento nas asistencia do 26 % con respecto ao ano inmediatamente anterior, e das presenciais nas nosas oficinas de atención, que se manteñen abertas integramente e nas que fomos quen de organizar mellor a atención coa planificación a través da cita previa, que lles evita molestias nas esperas ás persoas usuarias.
- A diminución dos prazos de resolución na tramitación de anticipos extraordinarios de liquidez aos concellos, que se cifra nun prazo máximo de cinco días a finais de 2021.
- O incremento e a mellora permanente das prestacións da Oficina Virtual Tributaria (OVT), que arrancou no ano 2022 cunha nova imaxe e cunha maior facilidade de acceso. En 2021 o volume de transaccións foi de máis de medio millón (598.255), das que o 71,33 % se refiren a consultas e o 28,67 % a transaccións efectivas, entre as que destaca o crecemento nun 16,4 % dos pagamentos electrónicos.
- E, por último, o fomento das actividades inspectoras, que redistribúen equitativamente as cargas fiscais entre todas e todos, que se materializou en preto de 1,5 millóns de liquidacións por inspección, cunha taxa de recadación axustada do 94,60 %, tres puntos superior á do exercicio precedente.

O compromiso da Deputación de Pontevedra no apoio aos concellos da provincia en materia de xestión tributaria e recadadora é firme, polo que seguiremos impulsando e reforzando as medidas emprendidas nas liñas de bo goberno e transparencia da acción pública no eido da xestión que nos foi delegada.

A mellora na eficacia e eficiencia nas accións que leva a cabo o ORAL repercute directamente na suficiencia dos concellos e permitirán reforzar as alianzas cos gobernos locais da provincia para implantarmos as liñas estratéxicas dos obxectivos formulados no marco da Axenda 2030.

**CARMELA SILVA REGO**

*Presidenta da Deputación de Pontevedra*

# ÍNDICE

<b>OBXECTIVOS, VALORES, MISIÓN E VISIÓN</b> .....	<b>9</b>
• OBXECTIVOS .....	10
• VALORES .....	10
• MISIÓN E VISIÓN .....	11
• O ORAL E A AXENDA 2030 .....	12
<b>ORGANIZACIÓN E COMPETENCIAS</b> .....	<b>17</b>
• COMPETENCIAS .....	18
• RECURSOS HUMANOS E CADRO DE PERSOAL .....	19
<b>DELEGACIÓNS TRIBUTARIAS E DOUTROS INGRESOS</b> .....	<b>23</b>
• NOVAS DELEGACIÓNS .....	24
• DELEGACIÓNS ASUMIDAS .....	24
• DELEGACIÓNS NA DEPUTACIÓN CLASIFICADAS SEGUNDO O TRAMO DE POBOACIÓN DOS CONCELLOS .....	25
<b>ATENCIÓN ÁS PERSOAS CONTRIBUÍNTES</b> .....	<b>27</b>
• PRESENZA NO TERRITORIO PROVINCIAL .....	28
• ATENCIÓN PERSOAL .....	29
• ATENCIÓN NON PRESENCIAL .....	29
• OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA .....	31
• PROXECTO ORAL INFORMA .....	32
<b>ASISTENCIA AOS ENTES DELEGANTES</b> .....	<b>33</b>
• XORNADAS CON ENTIDADES DELEGANTES .....	34
• PLATAFORMA DE INTERCAMBIO DE SOLICITUDES CON ENTES DELEGANTES: PROXECTO "SOLORAL" .....	35
• ACHEGAS DE LIQUIDEZ AOS CONCELLOS. ANTICIPOS A CONTA E LIQUIDACIÓN DE INGRESOS PARCIAIS .....	35
<b>XESTIÓN E RECADACIÓN</b> .....	<b>37</b>
• XESTIÓN DELEGADA .....	38
• XESTIÓN INTEGRAL DO ORAL .....	39
• XESTIÓN E RECADACIÓN DELEGADA: PADRÓNS E LIQUIDACIÓNS .....	40
• EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS .....	42

---

• TIPOLOXÍA DOS TRIBUTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS. EVOLUCIÓN SEGUNDO A NATUREZA DA EXACCIÓN DA XESTIÓN E COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO .....	43
• XESTIÓN RECADADORA ENTES DELEGANTES .....	45
<b>XESTIÓN DAS SANCÍONS DE TRÁFICO .....</b>	<b>51</b>
<b>INSPECCIÓN TRIBUTARIA .....</b>	<b>53</b>
<b>XESTIÓN CATASTRAL .....</b>	<b>57</b>
<b>OUTRAS ACTUACÍONS NO EIDO DA XESTIÓN .....</b>	<b>59</b>
• XESTIÓN DE EXPEDIENTES .....	60
<b>ANEXO: DETALLE DAS DELEGACÍONS ASUMIDAS .....</b>	<b>61</b>



# Objetivos, valores, misión e visión

Dados os acordos plenarios, o ORAL é o órgano desconcentrado da Deputación de Pontevedra encargado de colaborar cos concellos na xestión, na inspección e na recadación dos tributos locais e doutros ingresos de dereito público delegados nesta institución provincial, ademais de facilitarlle á cidadanía destes concellos o cumprimento puntual das obrigas derivadas da imposición dos tributos locais e dos ingresos que xestiona por delegación.

Estende, ademais, a súa colaboración á realización de todas as xestións e os trámites relacionados coa competencia da potestade sancionadora municipal que se lle delegue ou encomende, en especial a relativa ás multas de tráfico.


## OBXECTIVOS

Con carácter enunciativo, o ORAL procura os seguintes obxectivos:

- A conformación e o mantemento dos **padróns dos tributos** municipais co alcance e coas condicións que se conveñan.
- A **práctica de liquidacións** para determinar as débedas tributarias e outros actos de xestión.
- A **recadación** en período voluntario e executivo de toda clase de tributos, así como doutros ingresos de dereito público.
- A colaboración en materia de **inspección** dos tributos locais.
- O **asesoramento xurídico e económico** en materia de xestión tributaria aos concellos cuxa xestión fose delegada.
- A colaboración na **xestión catastral**, así como a xestión do procedemento sancionador en materia de tráfico.
- A **prestación** de calquera outra **actividade ou servizo** necesarios para a maior efectividade dos anteriores.

Deste xeito, cumprese co establecido nos artigos 31, 36 e, especialmente, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 113 a 117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

## VALORES



## MISIÓN E VISIÓN



### MISIÓN:

A misión do ORAL consiste na xestión, inspección e recadación por delegación naqueles concellos e noutros entes locais da provincia de Pontevedra que así o desexen dos ingresos públicos que permitan prestarlles ás e aos contribuíntes servizos públicos de calidade para impulsar a modernización da Administración local.



### VISIÓN:

A visión do órgano é ser unha Administración moderna e eficaz, referente na xestión de tributos locais e próxima á cidadanía, coa finalidade de asistir na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria en período voluntario e executivo, así como apoiar a xestión financeira dos concellos delegantes, especialmente daqueles que contan cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

## O ORAL E A AXENDA 2030

O ORAL, en consonancia coas liñas estratéxicas da Deputación de Pontevedra, é consciente da importancia dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible promovidos pola ONU como mecanismo transformador encamiñado á protección das persoas, do planeta e á prosperidade. Neste sentido, procúrase o aliñamento das accións desenvolvidas cos obxectivos da Axenda 2030 e, xa que logo, durante o 2021 leváronse a cabo as seguintes actividades específicas:

### AVANZANDO NA TRANSPARENCIA

O ODS 16, relativo á paz, á xustiza e ás institucións sólidas, recolle entre as súas metas a creación a todos os niveis de institucións eficaces, transparentes e que rendan contas.

Neste eido, durante o ano 2021 o ORAL avanzou na transparencia cara ás persoas contribuíntes e, especialmente, aos entes delegantes, coa incorporación da dación de contas sobre os proxectos desenvolvidos e outros indicadores de xestión ás xornadas de traballo e reunións, e coa introdución de melloras para clarificar e simplificar os modelos de subministración de información periódica (xornadas dos días 23 de febreiro, 8 de xullo e 23 de novembro).



-- ODS:



-- Metas:

- 16.6. Crear a todos os niveis institucións eficaces e transparentes que rendan contas.
- 16.7. Garantir a adopción en todos os niveis de decisións inclusivas, participativas e representativas que respondan ás necesidades.
- 16.10. Garantir o acceso público á información e protexer as liberdades fundamentais de conformidade coas leis nacionais e cos acordos internacionais.

-- Accións concretas:

- Melloras substanciais na Oficina Virtual Tributaria.
- Maior desagregación dos datos subministrados aos entes delegantes na conta anual.
- Introducción do Informe executivo anual, individualizado para os concellos delegantes da integridade dos indicadores de xestión e recadación.
- Novos modelos de subministración de información periódica.
- Maior accesibilidade na información dispoñible na web do ORAL e, en particular, na sección "O meu concello".

### AS ORDENANZAS FISCAIS COMO INSTRUMENTOS DE MATERIALIZACIÓN DOS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dentro do soporte que o ORAL da Deputación de Pontevedra lles proporciona aos entes delegantes, especialmente aos de menor capacidade técnica, durante o ano 2021 levouse a cabo un proxecto que

pretende fomentar a incorporación das medidas relativas á fiscalidade local como motor de impulso dos obxectivos aliñados arredor da Axenda 2030. Deste xeito, promoveuse entre os concellos a posibilidade de intervención nas políticas fiscais instrumentadas a través das ordenanzas fiscais, en atención aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, e achegóuselles unha primeira metodoloxía para fomentar a súa incorporación nas axendas e nas estratexias municipais.

Esta acción, presentada nas xuntanzas periódicas de formación e actualización cos concellos, materializouse na posta a disposición dunha serie de ferramentas para introducir bonificacións e reducións nas ordenanzas fiscais nos ámbitos directamente ligados aos obxectivos de saúde e benestar; igualdade de xénero; auga limpa e saneamento; enerxía accesible e non contaminante; traballo decente e crecemento económico; industria, innovación e infraestrutura; redución das desigualdades; produción e consumo responsables; cidades e comunidades sostibles; e paz, xustiza e institucións sólidas. Así mesmo, facilitáronse asemade modelos de preámbulo para completar as modificacións. Finalmente, para poder realizar o seguimento e control das accións desenvolvidas, o estudo completouse cun sistema de indicadores que permiten visualizar a evolución derivada do cumprimento das accións desenvolvidas e a súa achega aos obxectivos das axendas locais.



-- Metas:

- 3.c. Aumentar substancialmente a financiación da saúde.
- 5.2. Eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado.
- 6.4. Aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos.
- 7.2. Incrementar considerablemente a proporción de enerxía renovable no conxunto das fontes enerxéticas.
- 7.3. Duplicar a taxa mundial de mellora da eficiencia enerxética.
- 8.1. Manter o crecemento económico per cápita de conformidade coas circunstancias nacionais.
- 8.3. Promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoiem as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes, o emprendemento, a creatividade e a innovación, e fomentar a formalización e o crecemento das microempresas e as pequenas e medianas empresas.
- 8.5. Lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídas as mozas e mozos e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.
- 9.4. Modernizar a infraestrutura e reconverter as industrias para que sexan sostibles, utilizando os recursos con maior eficacia e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos e ambientalmente racionais.
- 9.5. Aumentar a investigación científica e mellorar a capacidade tecnolóxica dos sectores industriais, fomentando a innovación.
- 10.2. Potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión, situación económica ou outra condición.
- 10.4. Adoptar políticas, especialmente fiscais, salariais e de protección social, e lograr progresivamente unha maior igualdade.

- 11.1. Asegurar o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos adecuados, seguros e alcanzables.
- 11.7. Proporcionar o acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade.
- 12.5. Reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclado e reutilización.
- 16.b. Promover e aplicar leis e políticas non discriminatorias en prol do desenvolvemento sostible.
- 16.6. Crear a todos os niveis institucións eficaces e transparentes que rendan contas.
- 16.7. Garantir a adopción en todos os niveis de decisións inclusivas, participativas e representativas que respondan ás necesidades.
- 17.14. Mellorar a coherencia das políticas para o desenvolvemento sostible.
- 17.17. Fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas.
- 17.19. Aproveitar as iniciativas existentes para elaborar indicadores que permitan medir os progresos en materia de desenvolvemento sostible.

#### -- Accións concretas:

- Presentación do proxecto o 8 de xullo de 2021.

### PROXECTO PAPEL CERO NO ORAL

Coa finalidade de minimizar o impacto ambiental da actividade desenvolvida no ORAL, apostouse por reducir o consumo de papel, a través do fomento do emprego de medios dixitais. Neste sentido, e aínda que o proxecto se atopa en execución, incrementouse notoriamente o número de postos cun dobre monitor e comezaron a instalarse novas pantallas informativas nas oficinas. Así mesmo, substituíuse a *Guía de servizos tributarios* en formato papel polo formato electrónico, para que, a través dun código QR publicitado nos centros de atención, as persoas contribuíntes poidan acceder ao seu contido sen ningún impacto ambiental.

Non obstante, conscientes da incidencia que a fenda dixital pode provocar nas persoas contribuíntes, especialmente nas de maior idade, desde o ORAL trátase de que estas medidas se compensen coa atención presencial preferente aos colectivos máis vulnerables.

#### -- ODS:



#### -- Metas:

- 12.5. Reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclado e reutilización.
- 13.3. Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá.

#### -- Accións concretas:

- Desenvolvemento da primeira fase do proxecto "Papel cero" nas oficinas de atención integral (SAT).
- Substitución da *Guía de servizos tributarios* en papel polo seu formato electrónico.

## BO GOBERNO, APOIO, INNOVACIÓN E INTEGRACIÓN

Unha das prioridades fundamentais do ORAL é a asistencia aos municipios e demais entes delegantes, especialmente aos de menor capacidade económica e técnica. Baixo este eixe central, o ORAL puxo en funcionamento no 2018 un proxecto novidoso, que se articulaba en distintas xornadas, cun mínimo de dúas, realizadas ao longo do ano e entre cuxos obxectivos se atopa a formación e actualización en materia tributaria do persoal dos distintos municipios. Esta iniciativa pretende servir como punto de encontro e crear unha rede de sinerxías entre as distintas entidades locais, que continuou desenvolvéndose e consolidándose ao longo do ano 2021, e que redundá, en última instancia, nunha mellor calidade da información que se lles transmite ás persoas contribuíntes.

Tamén no eido da asistencia aos municipios e da colaboración, o ORAL pon a disposición, periodicamente a través das distintas plataformas, modelos de ordenanzas fiscais ou informes técnicos, adaptándoos ás circunstancias concretas dos servizos que se prestan en cada concello que o solicite, coa finalidade de respectar en última instancia a potestade normativa dos entes locais.

Pola súa banda, no ano 2021 o ORAL continuou apostando pola simplificación dos trámites administrativos, realizando as modificacións normativas oportunas para facilitar a interconexión con outras administracións coa finalidade de intercambiar datos e suprimir a achega de documentación por parte das persoas contribuíntes, simplificando o cumprimento de trámites.

Finalmente, en 2021 incorporáronse novos medios de pagamento, coma o xiro postal a través de Correos, o que permite facilitar o cumprimento de obrigas tributarias nun contexto no que a dispersión xeográfica, a fenda dixital e a redución da presenza física das entidades bancarias colaboradoras poden ocasionarlles dificultades ás persoas contribuíntes.

O obxectivo é acadar un modelo de xestión máis eficaz e eficiente e da máxima calidade para reducir cargas administrativas e optimizar os tempos de resposta ás persoas e aos entes delegantes.

### -- ODS:



### -- Metas:

- 16.6. Crear a todos os niveis institucións eficaces e transparentes que rendan contas.
- 16.7. Garantir a adopción en todos os niveis de decisións inclusivas, participativas e representativas que respondan ás necesidades.
- 17.14. Mellorar a coherencia das políticas para o desenvolvemento sostible.
- 17.17. Fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas.

### -- Accións concretas:

- Adaptación da ordenanza fiscal para facilitar a intermediación de datos en materia de solicitudes de beneficios fiscais.
- Implantación do xiro postal como medio de pagamento.
- Implantación da notificación electrónica na Dehú e na Carpeta cidadá.

- Integración do sistema de información tributaria no rexistro xeral da Deputación.
- Desenvolvemento da primeira fase do proxecto de novos modelos de solicitude para a súa publicación na Sede electrónica.
- Mantemento da enquisa de satisfacción visible na web.

### LOITA CONTRA A FRAUDE FISCAL NO EIDO LOCAL

A loita contra a fraude fiscal constitúe un mecanismo esencial para reducir as desigualdades e apoiar o desenvolvemento económico sostible. Deste xeito, coa finalidade de xeneralizar as cargas tributarias e acadar os recursos necesarios para o financiamento do desenvolvemento sostible, desde o ORAL incidíuse especialmente na inspección como medio para acadar estes obxectivos, intensificando a actividade desenvolvida neste eido.

#### -- ODS:



#### -- Metas:

- 16.6. Crear a todos os niveis institucións eficaces e transparentes que rendan contas.
- 8.1 Manter o crecemento económico per cápita de conformidade coas circunstancias nacionais.
- 10.4 Adoptar políticas, especialmente fiscais, salariais e de protección social, e lograr progresivamente unha maior igualdade.

#### -- Accións concretas:

- Tramitáronse 1.411 expedientes en materia de inspección tributaria.
- Regularizáronse 355 inmobles como consecuencia da inspección catastral.

### COMPROMISO COA EDUCACIÓN

O ORAL, como órgano da Deputación e dentro da estratexia institucional, acolle estudantado da Universidade de Vigo para realizar prácticas formativas. Esta acción proporciónalle ao alumnado un primeiro contacto co mundo laboral e coa Administración, completa a súa formación e, asemade, contribúe a difundir as actividades de financiamento das políticas públicas locais e mellorar a percepción que a cidadanía posúe destas.

#### -- ODS:



#### -- Metas:

- 4.4. Aumentar considerablemente o número de mozas, mozos e persoas adultas que teñen as competencias necesarias, en particular técnicas e profesionais, para acceder ao emprego, ao traballo decente e ao emprendemento.



# Organización e competencias

## COMPETENCIAS

De conformidade cos artigos 5 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, co artigo 103 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e co artigo 119.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e coa finalidade de levar a cabo a xestión, a inspección e a recadación no ámbito da provincia de Pontevedra dos recursos de dereito público, tributarios e non tributarios, das entidades locais e demais administracións públicas que efectúen a delegación ou lle encomenden o exercicio das ditas facultades e funcións á institución provincial, así como a xestión de actividades catastrais segundo os convenios e a normativa que así o dispoña, a Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle son propias, constitúe mediante acordo plenario o órgano coa denominación de **ORAL**.

Previa sinatura dos respectivos convenios de delegación cos concellos e con outros entes, o ORAL exerce as seguintes **competencias**:



## ESTRUTURA INTERNA



## RECURSOS HUMANOS E CADRO DE PERSOAL

Na liña das actuacións iniciadas en exercicios anteriores, a evolución do cadro de persoal durante o ano 2021 estivo condicionada pola finalización dos procesos de funcionarización, a consolidación de persoal temporal e a continua aposta pola tecnificación do órgano.


### ■ DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL POR SEXO E CATEGORÍA PROFESIONAL

Para valorar a distribución por sexo dentro de cada categoría profesional emprégase como indicador o índice de presenza relativa de homes e mulleres (IPRHM)<sup>1</sup>, cuxa finalidade radica na análise da fenda existente entre ambos os sexos na ocupación de postos; nel considéranse os resultados situados no rango de equilibrio (0,8-1,2), adecuados á composición equilibrada que se define na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. No ano 2021, a composición dos postos ocupados segundo a categoría profesional presentou o seguinte detalle:

Grupo	Mulleres	Homes	IPRHM
A1	4	4	1,00
A2	5	7	0,83
C1	50	34	1,19
C2	22	9	1,42
Total	81	54	1,20

Se adoptamos unha visión histórica que nos permita analizar a evolución ao longo dos catro últimos anos, apréciase a consolidación a nivel global da presenza feminina que xa se viña experimentando, dentro dos límites da composición equilibrada. Por categorías profesionais, esta tendencia acentúase no grupo C2, aínda que o índice se modera respecto ao ano anterior.

### EVOLUCIÓN DO IPRMH SEGUNDO A CATEGORÍA PROFESIONAL



Sen prexuízo do anterior, o ORAL continúa manifestándose a prol da necesidade de impulsar constantemente propostas no marco do Plan de Igualdade aprobado pola Deputación de Pontevedra.

<sup>1</sup> Metodoloxía de cálculo:  $IPRHM = \frac{\text{Num.mulleres} - \text{num.de homes}}{\text{Num.mulleres} + \text{num.de homes}} + 1$ , representando maior presenza feminina en valores superiores a 1 ou masculina cando se sitúan baixo este limiar.

### ❖ DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL POR TIPO DE RELACIÓN E CATEGORÍA PROFESIONAL

A composición do persoal segundo a relación laboral foi a magnitude que experimentou unha maior variación respecto ao exercicio anterior. Así, durante o ano 2021 finalizou o procedemento de funcionarización que fixo mudar a composición do cadro de persoal ata diminuír en case un 65 % o número de persoas cunha relación de carácter laboral e aumentar o persoal funcionario ata os 94 efectivos.

Grupo	P. funcionario	P. laboral	Total
A1	8	0	8
A2	12	0	12
C1	69	15	84
C2	5	26	31
<b>Total</b>	<b>94</b>	<b>41</b>	<b>135</b>


### ❖ DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL POR RANGO DE IDADE E CATEGORÍA PROFESIONAL

Grupo	< 30	De 30 a 45	De 46 a 55	De 56 a 65	Total
A1	0	4	2	2	8
A2	0	6	5	1	12
C1	2	16	38	28	84
C2	0	19	11	1	31
<b>Total</b>	<b>2</b>	<b>45</b>	<b>56</b>	<b>32</b>	<b>135</b>

### RANGO DE IDADES POR CATEGORÍAS PROFESIONAIS



### DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL POR SERVIZOS



### EVOLUCIÓN DOS RECURSOS HUMANOS

A evolución na relación de postos de traballo (RPT) desde 2017 estivo fortemente condicionada pola aposta continua pola tecnificación do órgano. Así, incrementouse en máis dun 40 % o número de postos correspondentes ás categorías A1 e A2, que pasaron de 15 postos no ano 2017 a 24 en 2021.

Evolución da RPT (2017-2021)



Finalmente, cómpre destacar que o impulso desenvolvido nas liñas de actuación nos últimos anos terá continuidade ao longo do exercicio 2022, coas seguintes prioridades:

- Tecnificación do desempeño, coa creación dunha praza de Xefatura de Inspección.
- Redución da temporalidade, co desenvolvemento dos procesos selectivos para cubrir definitivamente as prazas ofertadas.





# Delegacións tributarias e doutros ingresos

## NOVAS DELEGACIÓNS

Durante o ano 2021 rexistráronse as seguintes novas delegacións e encomendas de xestión:

### **Baiona:**

Xestión, inspección, liquidación e recadación do imposto sobre o incremento de valor dos bens de natureza urbana (IIVTNU).

### **Crecente:**

Colaboración na tramitación e competencias da fase instrutora de expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, así como recadación voluntaria e executiva.

### **As Neves:**

Xestión, liquidación, recadación e inspección da taxa por sumidoiros.

## DELEGACIÓNS ASUMIDAS

O ORAL asume delegacións de 63 entidades locais, das que 54 son municipios. Segundo a tipoloxía de ingreso, a distribución das delegacións e encomendas de xestión asumidas pola Deputación de Pontevedra na actualidade é a seguinte:

CONCEPTO	NÚMERO DE DELEGACIÓNS
IBI	50
IAE	50
IVTM	47
Altas no IVTM	28
IIVTNU	26
Multas de tráfico	32
ICIO	29
Colaboración na xestión catastral	48
Taxas	49
Recadación en período executivo	51


### RESULTADOS CLAVE

88 %	dos concellos da provincia	→	Relacións co ORAL en materia de xestión e recadación
77 %	dos concellos da provincia	→	Xestión e recadación dos impostos obrigatorios
81 %	dos concellos da provincia	→	Xestión e recadación do IBI e do IAE
77 %	dos concellos da provincia	→	Xestión e recadación do IVTM
78 %	dos concellos da provincia	→	Colaboración na xestión catastral
83 %	dos concellos da provincia	→	Recadación en período executivo

## DELEGACIÓNS NA DEPUTACIÓN CLASIFICADAS SEGUNDO O TRAMO DE POBOACIÓN DOS CONCELLOS

Entre as competencias propias das deputacións, tras a aprobación da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, destaca a asistencia na prestación dos servizos de xestión e recadación tributaria en período voluntario e executivo e dos servizos de apoio á xestión financeira dos concellos cunha poboación inferior aos 20.000 habitantes.

A distribución por tramos de poboación dos 61 concellos da provincia de Pontevedra é a seguinte:



A desagregación do total de delegacións por tributos e tramos de poboación é a seguinte:

DELEGACIÓNS	CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES	CONCELLOS DE 5.001 A 20.000 HABITANTES	CONCELLOS DE 20.001 A 50.000 HABITANTES	TOTAL DE CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES	TOTAL DE CONCELLOS DELEGANTES
IBI	21	24	5	45	50
IAE	21	24	5	45	50
IVTM	21	21	4	42	46
Altas no IVTM	11	7	3	18	21
IIVTNU	8	14	4	22	26
Multas de tráfico	8	20	4	28	32
ICIO	9	14	5	23	28
Colaboración na xestión catastral	20	23	5	42	48
Taxas	22	21	45	43	48
Recadación en período executivo	22	23	6	45	51

Un total de 51 concellos da provincia de Pontevedra teñen menos de 20.000 habitantes, o que representa o 83,61 % do total dos seus municipios. Dentro deste colectivo, **máis do 94 %** dos concellos teñen delegada algunha competencia tributaria no ORAL.

Os tributos que máis comunmente son obxecto de delegación están conformados polos impostos obrigatorios (IBI, IAE e IVTM); máis do 80 % do total de concellos de menos de 20.000 habitantes da


provincia teñen delegados estes impostos no ORAL (máis do 88 % no caso do IBI e do IAE, e máis do 84 % no caso do IVTM).

Do mesmo xeito, máis do 88 % do total de concellos de menos de 20.000 habitantes (45 concellos) delegan no ORAL a **recadación executiva**.

**Concellos de menos de 20.000 habitantes que delegaron competencias no ORAL:**

O seguinte gráfico mostra a distribución de delegacións en relación coas diferentes figuras tributarias dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia:

### NÚM. DE CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES CON DELEGACIÓN SEGUNDO A TIPOLOXÍA DE TRIBUTO





**Atención as persoas  
contribuíntes**

## PRESENZA NO TERRITORIO PROVINCIAL

Para acadar os seus fins, o ORAL presta servizos nas instalacións situadas na cidade de Pontevedra e conta con delegacións territoriais en 23 concellos da provincia (Arbo, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Crecente, Covelo, A Estrada, Lalín, Moaña, As Neves, Nigrán, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontevedra, O Porriño, O Rosal, Sanxenxo, Tui, Vigo e Vilanova de Arousa), que permiten unha atención presencial máis próxima ás persoas residentes nos concellos que teñen delegada a súa xestión.




## ATENCIÓN PERSOAL

Nos últimos anos, a irrupción da Administración electrónica, impulsada polos cambios normativos e polo contexto sanitario, provocou un cambio na composición dos medios de atención, co que gañaron peso os medios non presenciais fronte á atención persoal en oficina. Así, durante o ano 2021 consolidouse a tendencia apreciada en anos anteriores, cun incremento da atención a través de medios electrónicos. Deste xeito, do total de asistencias realizadas, 351.685 (76.277 máis que o exercicio anterior; 27,70%), case o 80 % se realizaron a través de medios non presenciais.

Ano	Presencial	Non presencial	Total	%
2017	83.426	52.859	136.285	38,79 %
2018	97.657	62.565	160.222	39,05 %
2019	103.308	137.409	240.717	57,08 %
2020	68.913	206.495	275.408	74,98 %
2021	70.467	281.218	351.685	79,96 %

### EVOLUCIÓN DA ATENCIÓN ÁS PERSOAS CONTRIBUÏNTES




## ATENCIÓN NON PRESENCIAL

### 📞 ATENCIÓN TELEFÓNICA

Dentro do auxe experimentado polos medios non presenciais, a atención telefónica persoal require dunha análise separada ao constituir o único medio de atención a distancia que non conta cun impacto en termos de fenda tecnolóxica. Accesible a practicamente toda a poboación, durante o ano 2021 o ORAL continuou reforzando a atención telefónica, que experimentou un crecemento do 25,96 % respecto do anterior: rexistráronse un total de 76.431 asistencias que permitiron a resolución personalizada de dúbidas ou consultas sen necesidade de desprazamentos.

## EVOLUCIÓN DA ATENCIÓN TELEFÓNICA



## ATENCIÓN VIRTUAL

O ORAL desenvolve a súa actividade dándolle prioridade, de xeito continuado e permanente, ao desenvolvemento e á mellora da prestación de servizos públicos electrónicos, mellorando a súa calidade e procurando simplificar o acceso a estes servizos.

Ao longo do exercicio 2021 leváronse a cabo diversas melloras na Oficina Virtual Tributaria e no propio sistema de información tributaria, entre elas, a **integración no servizo compartido de xestión de notificación** (Notific@), que permite realizar as notificacións e comunicacións por distintas vías en función das preferencias da persoa destinataria: mediante comparecencia electrónica da Dirección Electrónica Habilitada única (Dehú), mediante comparecencia electrónica na carpeta cidadá do Punto de acceso xeral, mediante comparecencia na Dirección Electrónica Habilitada (DEH), sen prexuízo da comparecencia na propia Oficina Virtual Tributaria do ORAL, así como a notificación en soporte papel, cando corresponda.



O efecto directo foi o **incremento no número de notificacións** electrónicas nun 134 % respecto ao ano 2020, o que consolida o crecemento constante desde a posta en marcha da notificación electrónica en 2019.



## OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA


Desde 2019 atópase en funcionamento a nova Oficina Virtual Tributaria.

O total de transaccións rexistradas pola propia aplicación de xestión tributaria no ano 2021 foi de 598.255, un incremento respecto ao exercicio anterior do 7,40 %, que ascendería ao 30,21 % se esta comparativa se realizase en termos homoxéneos, xa que deixaron de rexistrarse as transaccións de consulta sobre débeda pendente para evitar posibles duplicidades coa medición do acceso a outros servizos. Deste total, 426.712 transaccións, un 71,33%, correspóndense con consultas de información e destas, as consultas máis recorrentes son o acceso a notificacións (45,47 %), consulta de recibos pendentes (15,98 %) e consulta de domiciliacións (11,89 %).



As transaccións realizadas a través da Oficina Virtual Tributaria de tipo operativo, que constitúen o 28,67 % do total, son aquelas que, ademais da identificación por parte da cidadanía por medios electrónicos, supoñen unha comunicación coa Administración por canto se traduce nunha solicitude ou comunicación de datos. O total deste tipo de transaccións respecto do exercicio precedente incrementouse nun 16,43 %; delas, máis do 65 % vincúlanse a operacións relacionadas co pago.

### TRANSACCIÓNS OPERATIVAS DE PERSOAS CONTRIBUÍNTES EN OVT.DEPO.ES



O incremento dos pagos electrónicos a través da OVT prodúcese malia a maior diversificación das alternativas de pagamento a disposición das persoas usuarias en 2021, como as aplicacións móbiles de pagamento, dispoñibles para os sistemas operativos Android e IOS, o pagamento a través da rede de oficinas e caixeiros da entidades colaboradoras, así como as correspondentes bancas electrónicas e

mediante xiro postal en calquera das oficinas da rede de Correos das carteiras e carteiros (dispoñible a partir do último trimestre do ano).

## PROXECTO "ORAL INFORMA"

O proxecto "ORAL Informa" naceu en 2019 como un sistema estandarizado de emisión e recepción de información áxil para as persoas contribuíntes. Este sistema emprega diversas ferramentas coma os SMS, o correo electrónico, as redes sociais, as novas web e as pantallas de información.

### ■ SMS E CORREOS ELECTRÓNICOS INFORMATIVOS

Unha das accións específicas que se desenvolve é difundir mediante avisos persoais para subscritoras e subscritores aspectos coma inicios e peches de cobranza, cargo en conta de tributos domiciliados e outras accións en que queda acreditada a urxencia.





# Asistencia aos entes delegantes

## XORNADAS CON ENTIDADES DELEGANTES

Coa finalidade de promover a transparencia, a formación e a colaboración, e mellorar a eficacia e a eficiencia na xestión recadatoria, durante 2021 o ORAL desenvolveu tres xornadas coas entidades delegantes, abertas tanto a persoal técnico coma a responsables políticos.

### **FORMACIÓN: PRESENTACIÓN DOS NOVOS SERVIZOS POSTOS EN FUNCIONAMENTO POLO ORAL**

O 23 de febreiro de 2021, nunha primeira intervención, abordáronse os novos anticipos regulados nas bases de execución do Orzamento do ano 2021. A continuación, como resultado das melloras no procedemento sancionador encamiñadas a evitar a prescrición das infraccións e de dotar de maior garantía o procedemento, facilitáronse modelos para a delegación da fase instrutora do procedemento sancionador en materia de tráfico, asumida polo ORAL sen custo adicional. Finalmente, para incrementar a transparencia ante os municipios e facilitar o intercambio de información tributaria, presentáronse os novos perfís e manuais de acceso á aplicación de xestión tributaria e á plataforma de control de persoas debedoras dos concellos delegantes, que se articula como punto neutro de embargo e permite comprobar de xeito masivo a existencia de débedas.

### **COLABORACIÓN NA DEFINIÇÃO DE POLÍTICAS FISCAIS**

O 8 de xullo desenvolveuse unha nova xornada orientada fundamentalmente a analizar as ordenanzas fiscais como instrumentos para articular a política fiscal dos concellos. Así, tras unha primeira intervención orientada a presentar os resultados acadados en 2020, subministráronse novos modelos actualizados e homoxeneizados de ordenanzas para os principais impostos e taxas e comentouse a xurisprudencia máis recente con impacto significativo na xestión económica e tributaria local. Adicionalmente, achegóuselles aos concellos unha serie de ferramentas para configurar a súa política fiscal e empregala, a través das ordenanzas fiscais, como instrumento para aliñarse cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no marco da Axenda 2030.

### **TRANSPARENCIA: SITUACIÓN DA XESTIÓN DELEGADA NO ORAL EN RELACIÓN CO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (IIVTNU)**

Tras a publicación da nota informativa do Tribunal Constitucional 99/2021, na que se declara a inconstitucionalidade e nulidade de distintos apartados do artigo 107 e na que se impedía a esixibilidade do IIVTNU, así como coa posterior publicación e entrada en vigor do Real decreto lei 26/2021, no que se establecía un novo marco normativo, púxose de manifesto a necesidade de abordar o novo contexto nunha xornada específica.

Durante esta sesión realizouse unha revisión dos cambios xurídicos operados no imposto, transparentóuselles aos municipios o estado na xestión de expedientes e proporcionáronselles estimacións sobre o impacto económico da sentenza e da nova regulación. Como engadido, coa finalidade de facilitar a toma de decisións en materia de política fiscal, achegouse un modelo de ordenanza fiscal e completouse cunha comparativa por euro de valor catastral entre a regulación previa e a actual de cada municipio. Ao mesmo tempo, anunciábase a creación e a posta en funcionamento na páxina web do ORAL dun simulador de cálculo para facilitar o cumprimento das obrigas tributarias por parte das persoas contribuíntes.

## PLATAFORMA DE INTERCAMBIO DE SOLICITUDES CON ENTES DELEGANTES: PROXECTO "SOLORAL"

No ano 2019 púxose en funcionamento a plataforma de intercambio de solicitudes cos distintos municipios coa finalidade de crear unha canle de comunicación bilateral que permitise reforzar as xa existentes e axilizar a colaboración entre administracións. O seguimento do proxecto salientou que no 2021 o crecemento deste medio foi dun 36 % respecto do ano precedente, e que se intercambiaron 7.389 peticións, das cales o 75,96 %, un total de 5.613, partiron dos entes delegantes cara ao ORAL.

### SOLICITUDES INTERCAMBIADAS PLATAFORMA SOLORAL



Un dos maiores crecementos (máis do 180 %) experimentouse nas solicitudes dirixidas á Dirección e ao Servizo de Coordinación, vencelladas na súa meirande parte ao asesoramento, á asistencia e á colaboración en ámbitos coma a confección de ordenanzas fiscais e informes técnico-económicos, a realización de estimacións de ingresos para a configuración dos estados de previsión de ingresos dos orzamentos locais ou as simulacións para análise económica do impacto normativo.

## ACHEGAS DE LIQUIDEZ AOS CONCELLOS. ANTICIPOS A CONTA E LIQUIDACIÓN DE INGRESOS PARCIAIS


A información acerca das liquidacións e dos anticipos de fondos procedentes da actividade recadatoria é de acceso público e pódese consultar na Sede electrónica da Deputación (procedemento 2402251) e a súa regulación recóllese nas bases de execución do Orzamento para o exercicio 2021.

Para comprender a evolución interanual experimentada polos anticipos ordinarios, tramitados de oficio ao comezo de cada exercicio, cómpre comentar as especialidades acontecidas no ano 2020. Así, no devandito exercicio produciuse un retraso na cobranza do IVTM como consecuencia da COVID-19, o que provocou a extensión do período durante o cal se anticipou mensualmente o importe correspondente a este padrón, cuxa desviación pode cifrarse en máis de 3 millóns de euros que se reflicten na táboa que se recolle a continuación:

	ANTICIPOS ORDINARIOS	ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS (INCLUIDOS OS ANTICIPOS COVID-19)	TOTAL
2017	57.208.055,11 €	3.249.609,58 €	60.459.681,69 €
2018	57.338.542,49 €	2.658.107,16 €	59.998.667,65 €
2019	59.218.328,00 €	1.638.946,47 €	60.857.274,47 €

	ANTICIPOS ORDINARIOS	ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS (INCLUIDOS OS ANTICIPOS COVID-19)	TOTAL
2020	60.418.001,00 €	3.795.547,97 €	67.429.707,97 €
2020 anticipos por retraso de cobranzas por mor da COVID-19	3.216.159,00 €	-	-
2021	61.997.961,00 €	2.348.560,58 €	64.346.521,58 €

Deflactando o efecto da COVID-19 sobre a evolución dos anticipos ordinarios en 2020, o incremento en termos interanuais no exercicio 2021 pode cifrarse nun 2,62 %. Graficamente, os resultados axustados do período preséntanse nas seguintes gráficas:



No que respecta á tramitación dos anticipos extraordinarios, concedidos a petición dos entes delegantes, a contía entregada supuxo máis de 2,3 millóns de euros. Durante o ano 2021 traballouse para diminuír o tempo de resolución destas solicitudes e pechouse o exercicio cun prazo de tramitación de cinco días.

Finalmente, unha modificación introducida en 2021 e que tende a dotar de liquidez os concellos é o cambio no tratamento das liquidacións de ingresos parciais, que está conformado polo compromiso firme do ORAL de liquidar anualmente a integridade da recadación obtida por conta dos concellos, aínda que esta non supoña a cancelación íntegra da débeda que a persoa contribuínte teña co ente delegante, senón que tan só represente un ingreso parcial dos recibos ou das liquidacións que ten para cobrar.

Deste xeito, no primeiro trimestre de cada exercicio, en referencia ao acumulado a 31 de decembro do ano anterior, liquidarase a integridade dos ingresos contabilizados como ingresos parciais nas contas da Deputación procedentes da xestión de recadación levada a cabo polo ORAL-Deputación de Pontevedra. No exercicio 2021, o primeiro ano no que se aplica este criterio, a contía bruta liquidada por este concepto ascendeu a 4,3 millóns de euros.



# Xestión e recadación

## XESTIÓN DELEGADA

Entendemos por volume de xestión delegada as contías derivadas da integridade de valores que o ORAL-Deputación de Pontevedra xestiona por conta dos entes delegantes, nun exercicio económico concreto, que inclúen as contías derivadas dos valores pendentes de cobro acumulados ao comezo do exercicio.

Deste xeito, na evolución deste volume de xestión incide a variación experimentada nos cargos anuais por padróns e liquidacións xerados no exercicio e os valores remitidos para a súa tramitación en período executivo polos entes delegantes, pero tamén as alteracións no pendente de cobro procedentes de exercicios anteriores.

Os datos relativos á evolución cuantitativa por valores en xestión no ORAL, no período 2017-2021, desagregados por tramo de poboación, preséntase no seguinte cadro:

VOLUME DE XESTIÓN: ENTES DELEGANTES							
	2017	2018	2019	2020	2021	% (2021- 2017)	Peso %
Concellos de menos de 5.000 habitantes	25.677.679,20	27.902.605,73	27.470.569,48	27.673.085,60	27.343.299,37	6,49%	12,80%
Concellos de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes	137.397.947,20	142.765.780,40	144.552.049,36	129.973.130,72	129.696.650,53	-5,62%	59,78%
Concellos de máis de 20.000 habitantes	39.404.396,96	39.834.847,28	39.935.593,10	54.506.446,23	53.945.663,75	36,90%	24,86%
Outros entes	5.990.198,14	5.936.453,03	5.780.820,20	6.188.950,94	5.968.851,57	-0,35%	2,75%
<b>Total</b>	<b>208.470.221,47</b>	<b>216.439.686,34</b>	<b>217.739.032,14</b>	<b>218.341.613,39</b>	<b>216.954.465,22</b>	<b>4,07%</b>	<b>100,00%</b>

A evolución respecto do ano 2017 do volume de xestión experimentou un crecemento global do 4,07 % no período (8,4 millóns de euros).

O 83,6 % dos municipios da provincia (51 concellos dos 61 existentes) teñen menos de 20.000 habitantes, o 72,4 % do volume de xestión do ORAL no ano 2021 (157,04 millóns dos 216,9 totais correspóndese coa xestión delegada por municipios deste colectivo), o que resulta coherente coas competencias atribuídas á Deputación no actual texto da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade na Administración Local.

A mellora no desenvolvemento de procedementos de xestión activa de valores pendentes de cobro de exercicios anteriores no último ano provoca, malia o incremento constante nos cargos anuais, unha diminución do volume de xestión. Entre o ano 2020 e 2021 apréciase unha diminución global de 1,3 millóns de euros que se corresponde coa diminución do pendente de cobro de exercicios anteriores e a variación consecuenta do peso relativo de cada un dos compoñentes do volume de xestión con respecto ao ano anterior.

De feito, en 2021 produciuse unha redución en case dous puntos porcentuais do peso da masa pendente de cobro de exercicios anteriores (3,9 millóns de euros sobre o ano 2020 e 10,7 millóns de euros respecto ao 2017), mentres que os cargos do exercicio corrente se incrementaron cuantitativamente en máis de 2,5 millóns de euros con respecto ao ano precedente (133,3 millóns fronte a 130,7 millóns de 2020; **páxina 44**).

### COMPOSICIÓN PORCENTUAL DO VOLUME DE XESTIÓN. COMPARATIVA INTERANUAL



### XESTIÓN INTEGRAL DO ORAL

O ORAL xestiona, ademais, tributos propios da Deputación de Pontevedra (recarga provincial do IAE e outros). A xestión integral do ORAL acadou os 221,4 millóns de euros no exercicio 2021, dos que o 97,98 % se corresponden coa xestión delegada polos concellos e por outros entes (216,9 millóns).

A evolución deste volume de xestión represéntase no seguinte cadro:

EXERCICIO	VALORES PARA XESTIONAR (1)	BAIXAS TOTAIS (2)	COBROS TOTAIS APLICADOS NO EXERCICIO (3)	PTE. COBRO A 31/12	% BAIXAS (2)/(1)	% COBROS (3)/(1)	% PENDENTE (4)/(1)
2017	211.518.008,41	4.569.060,18	120.732.150,26	86.216.797,97	2,16%	57,08%	40,76%
2018	219.919.190,00	7.084.325,07	123.879.527,27	88.955.337,66	3,22%	56,33%	40,45%
2019	221.367.542,60	7.376.950,64	125.425.090,24	88.565.501,72	3,33%	56,66%	40,01%
2020	222.232.961,94	12.023.228,12	125.482.755,70	84.726.978,12	5,41%	56,46%	38,13%
2021	221.409.423,26	10.896.727,87	133.652.148,39	75.453.269,00	4,92%	60,36%	34,08%



## XESTIÓN E RECADACIÓN DELEGADA: PADRÓNS E LIQUIDACIÓNS

A continuación preséntanse os datos de xestión e recadación relativos ao exercicio 2021, así como a súa evolución comparativa, atendendo de xeito diferenciado á xestión realizada por recibos e liquidacións de ingreso directo. A clasificación do pendente de cobro (período voluntario e executivo) realízase segundo a distribución recollida na aplicación de xestión tributaria.

### XESTIÓN DE PADRÓNS DO EXERCICIO

A xestión global dos padróns alcanzou no exercicio 2021 a contía global de 117.167.731,55 euros e representa o 89,4 % do total de cargos do exercicio, derivada das delegacións efectuadas para a xestión de tributos e outros ingresos de dereito público, que acada a cifra global de 131.012.677,83 euros; o resto xestionáronse a través de liquidacións de ingreso directo.

A seguinte táboa mostra os resultados integrais da xestión levada a cabo a través dos padróns do exercicio 2021, tanto en período voluntario coma executivo, clasificados por tipoloxía de tributos.

Concepto	Cargo dos padróns do exercicio	Cargo líquido	Cobros voluntaria	% VOL	Cobros executiva	Baixas executiva	Total cobros	% (VOL + EX.)
IAE	6.859.821,21	6.859.821,21	6.233.067,47	90,86 %	183.188,3	426,2	6.416.255,77	93,60 %
IVTM	17.383.338,88	17.286.174,42	13.938.186,19	80,63 %	1.789.836,33	5.272,75	15.728.022,52	91,02 %
IBI	70.740.537,23	70.629.487,36	63.418.750,75	89,79 %	1.597.624,42	53.863,21	65.016.365,17	92,12 %
TAXAS	22.184.034,23	22.135.655,05	19.648.678,32	88,76 %	687.714,53	95.458,14	20.336.392,85	92,27 %
* Ptes. aplicación a 31/12	—	—	5.504.066,50	—	—	—	5.504.066,50	—
<b>Total</b>	<b>117.167.731,55</b>	<b>116.911.138,04</b>	<b>103.238.682,73</b>	<b>88,31 %</b>	<b>4.258.353,58</b>	<b>160.320,20</b>	<b>107.497.036,31</b>	<b>92,07 %</b>

No exercicio 2021 acadouse unha porcentaxe de cobro do 92,07 % do total dos tributos xestionados por padrón, e o cobro en período voluntario alcanzou o 88,31 % do total de cargos xerados no ano.

Durante o exercicio 2021 superáronse as taxas de recadación acadadas en 2020, e a porcentaxe de recadación en período voluntario incrementouse ata o 88,31%, 2,5 puntos superior á experimentada no exercicio precedente, tal e como se aprecia na seguinte táboa.

Porcentaxes de recadación de padróns do exercicio	% VOLUNTARIA		% VOLUNTARIA + EXECUTIVA	
	2020	2021	2020	2021
IAE	90,60%	90,86%	92,62%	93,60%
IVTM	80,41%	80,63%	86,78%	91,02%
IBI	89,39%	89,79%	91,24%	92,12%
TAXAS	82,52%	88,76%	84,74%	92,27%
<b>Total</b>	<b>85,88%</b>	<b>88,31%</b>	<b>89,44%</b>	<b>92,07%</b>

No que respecta á recadación integral (en período voluntario e executivo), prodúcese un incremento de 2,64 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, que resulta máis relevante no IVTM e nas taxas pola mellora da recadación en período executivo de cobro. Cómpre ter en conta a este respecto, a disfunción provocada pola alteración dos períodos de cobro no ano 2020 pola incidencia da COVID-19 e as medidas adoptadas polo ORAL relativas á paralización de certos procedementos recadatorios que retrasaron as actuacións coercitivas posteriores.

## XESTIÓN E RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO

### A) XESTIÓN VOLUNTARIA DE PADRÓNS

Atendendo á totalidade de recibos en xestión en período voluntario, que inclúe os pendentes de exercicios anteriores, no seguinte cadro detállase a xestión realizada ao longo do exercicio:

Exercicio	Pendente inicial voluntaria (01/01)	Cargos do exercicio en vía voluntaria	Baixas en vía voluntaria	Cargos-baixas en vía voluntaria	Para xestionar	Recadación voluntaria	Voluntaria non finalizada	% Cobros (31/12)	% REAL
2017	9.206.255,35	110.293.609,42	545.774,13	109.747.835,29	118.954.090,64	93.264.703,90	9.916.730,37	78,40 %	80,53 %
2018	9.916.730,37	111.783.745,23	297.789,88	111.485.955,35	121.402.685,72	94.927.634,40	10.218.886,66	78,19 %	81,48 %
2019	10.228.886,66	111.774.432,58	527.848,12	110.746.584,47	120.975.471,13	96.838.834,10	7.713.506,36	80,05 %	82,07 %
2020	7.713.506,36	114.221.470,07	385.851,36	113.835.618,71	121.549.125,07	99.410.123,63	9.370.415,18	81,79 %	84,81 %
2021	9.370.415,18	117.167.731,55	263.802,06	116.903.929,49	126.274.344,67	103.449.421,04	9.363.877,00	81,92 %	86,59 %

A recadación en vía voluntaria a 31 de decembro de valores xestionados por padróns, atendendo aos que nesa data estivesen efectivamente cobrados durante o período voluntario e aplicados, foi de 103.449.421,04€, cunha porcentaxe de cobro real do 88,49 %.

### B) XESTIÓN VOLUNTARIA DE LIQUIDACIÓNS DE INGRESO DIRECTO

A evolución da xestión efectuada a través de liquidacións de ingreso directo en período voluntario inclúe as liquidacións emitidas derivadas dos procedementos de inspección e que teñen especial incidencia a partir do exercicio 2020 (ver apartado de inspección desta memoria), o que incide na evolución da porcentaxe de recadación en período voluntario das liquidacións de ingreso directo.

Exercicio	Pendente inicial voluntaria (01/01)	Cargos do exercicio en vía voluntaria	Baixas en vía voluntaria	Cargo líquido do exercicio	Para xestionar	Recadación voluntaria	% cobros	Voluntaria non finalizada (31/12)	% Real
2016	4.300.995,59	11.384.394,52	657.663,08	10.726.731,44	15.027.727,03	8.272.377,60	55,05 %	3.832.237,98	71,80 %
2017	3.832.237,98	13.228.642,25	552.466,28	12.676.375,97	16.508.393,95	10.252.442,69	62,10 %	2.836.274,40	74,98 %
2018	2.836.274,40	15.330.009,36	559.334,89	14.776.674,47	17.606.948,87	11.410.860,79	64,87 %	4.232.093,41	80,78 %
2019	4.232.093,41	15.485.733,72	636.347,88	14.849.385,84	19.081.479,25	10.463.504,27	54,84 %	5.634.968,44	77,83 %
2020	5.634.968,44	12.970.127,31	388.472,73	12.581.654,59	18.216.623,03	9.312.197,67	51,12 %	4.724.641,27	86,03 %
2021	4.724.641,27	13.844.946,28	255.115,23	13.589.831,05	18.314.472,12	8.849.218,58	48,32 %	5.651.828,63	69,88 %

No exercicio 2021 tiveron especial incidencia as liquidacións realizadas no imposto sobre bens inmoables por causa dos procedementos de valoración colectiva desenvolvidos en diversos concellos da provincia pola Xerencia do Catastro de Pontevedra, o que deu orixe a un incremento substancial dos valores en xestión de cobro, cuxo período voluntario de cobro non finalizara a 31 de decembro de 2021. En concreto, o 41,17 % do volume cuantitativo de liquidacións totais estaban neste proceso, un total de 5,6 millóns de euros, fronte aos 4,7 millóns de 2020. A porcentaxe de cobros por liquidacións ten necesariamente que ter en conta esa realidade, polo que a porcentaxe real de cobro se sitúa no 69,8 % do total das liquidacións

en proceso de cobro no exercicio, que alcanza a cifra de 8,8 millóns de euros (8.849.218,58 euros), cun lixeiro incremento respecto a 2020.

## EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS

Para completar a análise da xestión en período voluntario, a continuación preséntase a evolución dos cobros como consecuencia das domiciliacións bancarias de tributos de cobro periódico por parte das persoas interesadas, que está intimamente relacionada coa recadación voluntaria. Atendendo á tipoloxía de tributo, a evolución da porcentaxe de domiciliación apréciase no seguinte cadro:

PADRÓN	2017	2018	2019	2020	2021
Taxa de auga	70,22 %	74,81 %	78,93 %	77,08 %	77,97 %
Recollida do lixo	63,92 %	66,25 %	68,40 %	69,26 %	71,11 %
IAE	35,56 %	39,81 %	41,24 %	45,14 %	50,42 %
IBI	53,59 %	54,89 %	57,19 %	60,43 %	60,89 %
IVTM	35,29%	36,24%	36,60%	37,38%	39,42%

No ano 2021 produciuse un incremento do 7 % no número de valores domiciliados, o que acada unha contía de máis de 69 millóns de euros.

EXERCICIO	NÚM. VALORES	IMPORTE	% INCREMENTO INTERANUAL (NÚM. VALORES)	% INCREMENTO INTERANUAL (IMPORTE)
2017	753.047	56.743.468,86 €	6,23%	6,04%
2018	757.780	59.147.549,22 €	0,63%	4,24%
2019	793.294	62.408.949,88 €	4,69%	5,51%
2020	791.478	64.650.768,13 €	-0,23%	3,59%
2021	846.903	69.002.034,05 €	7,00%	6,73%

## EVOLUCIÓN DAS DOMICILIACIÓNS. PRINCIPAIS PADRONS TRIBUTARIOS



## TIPOLOXÍA DOS TRIBUTOS MÁIS SIGNIFICATIVOS. EVOLUCIÓN SEGUNDO A NATUREZA DA EXACCIÓN DA XESTIÓN E COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO

A continuación, preséntase o desenvolvemento da xestión e a recadación de cada unha nos exercicios obxecto de análise.

IBI (IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE URBANA, RÚSTICA E CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS)							
Exercicio	Xestión do padrón			Xestión das liquidacións			% total de cobros
	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% cobros	Pendente inicial + Cargo líquido	Recadación voluntaria	% cobros	
2017	64.714.208,71	56.322.668,38	87,03%	8.147.319,06	5.076.047,74	62,30%	84,27%
2018	67.267.722,07	58.492.742,32	86,96%	10.985.129,63	7.296.735,97	66,42%	84,07%
2019	67.641.296,60	59.768.581,64	88,36%	9.452.326,99	5.034.829,22	53,27%	84,06%
2020	68.012.045,69	60.794.292,48	89,39%	6.336.155,56	3.089.432,92	48,76%	85,93%
2021	70.629.487,36	63.418.750,75	89,79%	5.887.047,02	1.615.109,65	27,43%	84,99%

O **imposto sobre bens inmobles (IBI)** é a figura de maior relevancia en termos cuantitativos, pasou de 64,7 millóns de euros en 2017 a 70,6 millóns no ano 2021, un incremento en termos monetarios de 5,9 millóns de euros e que supón o 9,11 % sobre o ano 2017 e o 3,8 % se a comparativa a realizamos respecto ao exercicio anterior.

A porcentaxe de cobro en voluntaria de padróns presenta un incremento constante desde 2019 a acadar en 2021 o 89,79 %. Máis da metade dos concellos que teñen a súa delegación no ORAL, 26 dun total de 50, superaron cuantitativamente o 90 % do importe total deste, catro concellos máis que en 2020.

Taxa de recadación do padrón IBI	Núm. de concellos
< 90 %	26
Entre o 80 % e o 90 %	23
< 80 %	1
<b>Total</b>	<b>50</b>

No que respecta aos resultados das liquidacións, tamén estas se ven afectadas polos procedementos desenvolvidos polo catastro, dado que no último trimestre do exercicio se emitiron as liquidacións derivadas destes procedementos e cuxos efectos na recadación se producirán en 2022.

IAE (IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS)							
Exercicio	Xestión do padrón			Xestión das liquidacións			% Cobros total
	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% de cobros	Pendente inicial + Cargo líquido	Recadación voluntaria	% cobros	
2017	6.058.779,73	5.599.980,91	92,43%	341.087,74	263.498,91	77,25%	91,62%
2018	5.921.484,61	5.307.327,24	89,60 %*	404.643,00	297.795,43	73,59%	78,70%
2019	6.185.644,14	5.657.132,74	91,46%	1.644.570,49	1.042.119,07	63,37%	85,56%
2020	6.493.145,07	5.925.835,60	91,26%	2.676.089,95	1.159.683,30	43,33%	76,87%
2021	6.859.823,21 €	6.233.067,47 €	90,86%	2.319.065,04	1.223.803,61	52,77%	81,24%

En 2021 a porcentaxe de cobro dos recibos e das liquidacións do **imposto sobre actividades económicas (IAE)** experimentou un incremento global en termos interanuais de máis de 4 puntos, pasando do

76,87 % ao 81,24 % das contías liquidadas. No tocante á xestión do padrón, os cobros acadaron case o 91 % do total e o 74 % dos concellos, un total de 37, superaron o limiar do 90 % na taxa de recadación, 5 máis que no exercicio anterior.

Taxa de recadación padrón do IAE	Núm. de concellos
< 90 %	37
Entre o 80 % e o 90 %	9
< 80 %	4
<b>Total</b>	<b>50</b>

Pola súa banda, os cobros de liquidacións víronse influenciados pola actividade inspectora, onde máis dun 60 % das liquidacións recadadas se derivan do procedemento inspector.

IVTM (IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA)							
Exercicio	Xestión do padrón			Pendente inicial + Cargo líquido	Xestión das liquidacións		% Cobros total
	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% cobros		Recadación voluntaria	% cobros	
2016	16.618.933,17	12.809.348,41	77,08%	150.053,82	135.938,75	90,59%	77,20%
2017	16.731.307,25	13.150.647,90	78,60%	172.445,34	152.684,17	88,69%	78,70%
2018	16.717.388,01	13.129.920,29	78,54%	178.728,98	159.479,80	89,23%	78,65%
2019	16.757.258,74	12.864.614,01	76,77%	153.234,96	136.692,41	89,20%	76,88%
2020	17.158.370,13	13.877.967,72	80,41%	137.479,09	119.505,17	86,93%	80,46%
2021	17.286.174,42	13.938.186,19	80,63%	224.383,96	197.842,29	88,17%	80,73%

No ano 2021 o **imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)** presenta un novo incremento moderado nas taxas de recadación, continuando coa tendencia que xa se reflectía no exercicio precedente. En relación coa emisión das liquidacións, o incremento nos valores obxecto de xestión respecto do exercicio precedente levou aparelado un incremento da recadación en maior intensidade, o que arroxou unha taxa dous puntos superior á do exercicio anterior.

TAXAS (LIXO, SERVIZO DE ÁUGAS E OUTRAS TAXAS MUNICIPAIS)							
Exercicio	Xestión do padrón			Pendente inicial + Cargo líquido	Xestión das liquidacións		% cobros total
	Cargo líquido	Recadación voluntaria	% cobros		Recadación voluntaria	% cobros	
2017	22.243.539,60	18.191.406,71	81,78%	2.021.312,33	1.227.647,93	60,24%	79,99%
2018	20.783.217,64	17.997.645,55	86,60%	1.538.101,97	1.044.338,59	67,90%	85,31%
2019	20.162.384,99	18.548.505,71	92,00%	1.281.751,32	877.958,69	68,50%	90,59%
2020	22.024.249,33	18.812.028,83	85,41%	1.295.611,30	819.000,29	63,21%	83,95%
2021	22.128.446,50	19.859.416,63	89,75%	1.493.306,23	913.289,48	61,16%	87,94%

Outra das xestións que o ORAL realiza por conta dos concellos e entes delegantes é a exacción de distintas **taxas e prezos públicos** de cobro periódico. Durante o ano 2021, a recadación voluntaria das exaccións que se xestionan a través de padróns incrementou respecto ao exercicio precedente máis de 4 puntos porcentuais e situouse por enriba da media de exercicios anteriores, o que compensa a lixeira diminución experimentada na taxa de recadación das liquidacións.

Finalmente, o ORAL xestiona por conta dos entes delegantes as liquidacións do **imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)** e outros recursos de natureza tributaria e non tributaria, cuxos resultados se presentan a continuación:

ICIO (IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS)			
Exercicio	Pendente inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% cobros
2017	1.567.970,55	743.500,21	47,42%
2018	997.806,86	625.058,93	62,64%
2019	646.266,80	389.972,24	60,34%
2020	1.682.044,23	951.469,84	56,57%
2021	1.875.777,64	1.088.943,91	58,05%

OUTROS CONCEPTOS (COBROS DIRECTOS, PLUSVALÍAS, XUROS DE DEMORA E OUTROS)			
Exercicio	Pendente inicial + cargo líquido	Recadación voluntaria	% cobros
2017	3.311.874,21	2.048.028,73	61,84%
2018	2.337.690,32	1.146.923,07	49,06%
2019	4.060.968,69	2.183.666,74	53,77%
2020	4.881.602,85	2.450.052,15	50,19%
2021	3.987.182,33	2.385.598,64	59,83%

## XESTIÓN RECADADORA. ENTES DELEGANTES


### ENTREGAS EFECTIVAS AOS ENTES DELEGANTES DENTRO DE CADA ANUALIDADE

A contía da recadación efectivamente ingresada aos concellos no exercicio 2021 foi de 131,7 millóns euros, cun incremento moi substancial de máis de 7 puntos porcentuais con respecto ao ano 2020, o que supón máis de 8,8 millóns. Este aumento vese influído pola implantación dunha mellora na xestión consistente no cambio de criterio nas entregas anuais derivadas da liquidación da integridade dos cobros parciais de valores percibidos polo ORAL a 31 de decembro de cada anualidade. No ano 2021 entregarónselles aos entes delegantes 4,3 millóns de euros polos ingresos acumulados a 31 de decembro de 2020.

Finalmente, inclúense os importes recadados por xuros de demora, de conformidade co establecido na disposición adicional terceira da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos de xestión, inspección e recadación que se prestan na Deputación.

TOTAL RECADADO NO EXERCICIO. ENTIDADES DELEGANTES								
	2017	2018	2019	2020	2021	% 2021/2017	% 2021/2020	Peso %
Concellos de menos de 5.000 habitantes	15.560.840,81	16.793.674,94	16.779.685,77	16.713.209,87	17.972.487,67	115,50%	7,53%	13,65%
Concellos de máis de 5.000 e menos de 20.000 habitantes	77.307.130,67	78.697.962,37	79.809.084,55	77.955.867,11	77.264.553,25	100,05%	99,99%	58,66%
Concellos de máis de 20.000 habitantes	23.806.963,28	23.476.314,01	23.764.198,12	30.698.259,15	33.644.352,63	141,32%	109,60%	25,55%
Outros entes	2.756.520,74	2.720.638,28	2.630.621,73	2.516.332,41	2.823.408,53	102,43%	112,20%	2,14%
Total	118.726.455,50	121.688.589,60	122.983.583,17	122.883.668,54	131.704.902,08	110,92%	111,28%	100,00%
Total xuros	487.041,83	512.585,61	567.809,55	544.835,12	689.269,69	141,52%	126,48%	0,51%

## VOLUME DE RECADACIÓN. ENTES DELEGANTES



## EVOLUCIÓN DO VOLUME DE XESTIÓN E ENTREGAS EFECTIVAS

A evolución do volume de xestión e dos cobros entregados aos entes delegantes no exercicio reflíctese na seguinte táboa:

EXERCICIO	2017	2018	2019	2020	2021
Pendente inicial (1 de xaneiro)	80.902.615,26	85.191.636,16	87.978.873,62	87.545.179,31	83.563.659,94
Cargos (voluntaria + executiva)	127.567.606,21	131.248.050,18	129.760.158,52	130.796.434,08	133.390.805,18
Total de dereitos para xestionar	208.470.221,47	216.439.686,34	217.739.032,14	218.341.613,39	216.954.465,12
Total de cobros	118.726.455,50	121.688.589,60	122.983.583,17	122.883.668,54	131.704.902,08
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	56,95%	56,22%	56,48%	56,28%	60,71%
Total de baixas	4.552.129,81	6.772.223,12	7.210.269,66	11.894.284,91	10.777.680,13
Valores realizables	203.918.091,66	209.667.463,22	210.528.762,48	206.447.328,48	206.176.785,09
Cobros s/ valores realizables	58,22%	58,04%	58,42%	59,52%	63,88%
Pendente de cobro (31 de decembro)	85.191.636,16	87.978.873,62	87.545.179,31	83.563.659,94	74.471.883,01

O incremento dos valores para xestionar durante o período 2017-2020 foi de case 8,5 millóns de euros, cunha taxa de variación do 4,07 %.

A ratio dos cobros liquidados aos entes delegantes ata o 31 de decembro de 2021 experimentou un incremento porcentual de máis 4 puntos respecto ao ano 2020 ata situarse no 60,71 %.

## EVOLUCIÓN DAS ENTREGAS EFECTIVAS. DETALLE DOS COBROS EN VÍA VOLUNTARIA E EXECUTIVA

EXERCICIO	2017	2018	2019	2020	2021
<b>VOLUNTARIA</b>					
Valores para xestionar	137.125.128,52	140.426.914,62	141.221.146,38	141.048.801,14	145.107.734,18
Cobros	103.527.291,30	106.349.315,56	107.302.338,37	108.722.321,30	112.298.639,62
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	75,50%	75,73%	75,98%	77,08%	77,39%
Baixas	1.098.240,41	857.124,77	1.164.196,00	774.324,09	518.917,29
Valores realizables	136.026.888,11	139.569.789,85	140.056.950,38	140.274.477,05	144.588.816,89
Cobros s/ valores realizables	76,11%	76,20%	76,61%	77,51%	77,67%
<b>EXECUTIVA</b>					
Para xestionar	92.113.851,42 €	95.978.361,97 €	95.924.022,97 €	94.749.911,65 €	89.194.874,40 €
Cobros	15.291.492,17 €	15.579.443,73 €	15.681.244,80 €	14.161.347,24 €	19.406.262,46 €
% cobros (cobros/dereitos para xestionar)	16,60%	16,23%	16,35%	14,95%	21,76%
Baixas en vía executiva	3.467.398,24 €	6.130.335,09 €	6.046.073,66 €	11.119.960,80 €	10.258.762,84 €
Valores realizables	88.646.543,18 €	89.848.026,88 €	89.877.949,31 €	83.629.950,83 €	78.936.111,56 €
% cobros sobre valores realizables	17,25%	17,34%	17,45%	16,93%	24,58%
Pendente de cobro (31 de decembro)	73.355.051,01 €	74.168.583,15 €	74.196.704,51 €	69.468.603,59 €	59.529.849,10 €

Fonte: memorias anuais do ORAL

No período de 2017 a 2021 produciuse un incremento porcentual dos dereitos para xestionar do 4 % (8,5 millóns de euros), cun incremento de 12,8 millóns na recadación entregada aos entes delegantes, o que se complementou cun forte proceso de depuración do pendente por incobrable, insolvencia e outros motivos e a consecuencia directa é unha diminución no pendente de cobro contable de 10,7 millóns de euros no ano 2021, fronte ao existente en 2017 (unha diminución do 12,6 %).

O efecto do impulso dos procedementos de xestión activa dos valores en xestión recadadora maniféstase na evolución da contía do pendente de cobro contable o 31 de decembro de cada ano, tal e como se reflicte na seguinte gráfica do período 2017-2021.



## COBROS E XESTIÓN. VARIACIÓN INTERANUAL (2020-2021)

Os datos que se reflicten neste apartado permiten visualizar dun xeito máis global os resultados da recadación nos últimos dous exercicios económicos e teñen como base de cálculo tanto a recadación, que se materializou en entregas efectivas dentro do exercicio (anterior apartado), coma a recadación efectivamente realizada o 31 de decembro de cada anualidade e pendente de aplicación e distribución contable derivada dos seguintes conceptos: a) ingresos parciais rexistrados o 31 de decembro de 2021 e pendentes de aplicación (rexistrados na conta extraorxamentaria 554 da Deputación) e b) ingresos efectivamente recadados relativos á 4.ª cobranza de taxas e prezos públicos (pendentes de aplicación na conta extraorxamentaria 554).

Os cobros totais, así definidos, ascenderon no exercicio a 135,9 millóns de euros, dos que 122,6 millóns, o 90,25 %, tiveron entrada nos diversos entes delegantes no propio exercicio 2021 e o resto, 13,2 millóns, no primeiro trimestre do exercicio seguinte.

EXERCICIO	2020	2021
Pendente inicial (1 de xaneiro)	87.545.179,31 €	83.563.659,94 €
Cargos (voluntaria + executiva)	130.796.434,08 €	133.390.805,28 €
Total de valores para xestionar (a)	218.341.613,39 €	216.954.465,22 €
Cobros entregados aos entes delegantes no exercicio (b)	122.883.668,54 €	131.704.902,08 €
Total de baixas	11.894.284,91 €	10.777.680,13 €
Pendente de cobro contable (31 de decembro)	83.563.659,94 €	74.471.883,01 €
<b>OUTROS COBROS E AXUSTES</b>		
Cobros parciais do exercicio entregados no seguinte (c)	4.397.165,52 €	7.736.217,78 €
Cobros pendentes de aplicación (4ª taxas) (d)	4.630.282,19 €	5.504.066,5€
Cobros parciais de exercicios anteriores (e)	-	- 4.397.165,52 €
Domiciliacións aplicadas no exercicio relativas á 4.ª cobranza de taxas de exercicios anteriores (f)	-4.931.421,46	- 4.630.282,19 €
Total de cobros (b)+(c)+(d)-(e)-(f)	126.979.694,79 €	135.917.738,65 €
% de total cobros sobre dereitos para xestionar	58,16%	62,65%

O incremento da recadación total sitúase en 8,9 millóns de euros con respecto ao exercicio inmediatamente anterior que, xunto coa mellora dos procedementos de xestión activa de valores pendentes de cobro, repercute na porcentaxe relativa de recadación sobre o total de valores en xestión en máis de catro puntos porcentuais (58,16 % de cobros sobre valores en xestión no ano 2020 fronte ao 66,81 % no ano 2021).

## A) DETALLE DO PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO

Os resultados da recadación en período voluntario de cobro correspondentes ao ano 2021 amosan unha porcentaxe de xestión global do 78,25 % do total de valores, cunha porcentaxe de cobro do 78,17 % dos valores realizables fronte ao 77,47 % do exercicio inmediatamente anterior.

EXERCICIO	2020	2021
Pendente inicial (1 de xaneiro)	13.348.474,80 €	14.095.056,35 €
Cargo en voluntaria	127.700.326,34 €	131.012.677,83 €
Total de valores para xestionar	141.048.801,14 €	145.107.734,18 €
Baixas contables	774.324,09 €	518.917,29 €
Pendente de cobro contable a 31 de decembro	31.552.155,75 €	32.290.177,27 €
Valores realizables	140.274.477,05 €	144.588.816,89 €
Cobros entregados aos concellos en 2021	108.722.321,30 €	112.298.639,62 €
<b>OUTROS COBROS E AXUSTES</b>		
Cobros parciais do exercicio entregados no exercicio seguinte	252.876,68 €	109.449,32 €
Cobros pendentes de aplicación (4C taxas)	4.630.282,19 €	5.504.066,50 €
Cobros parciais de exercicios anteriores	0,00 €	-252.876,68 €
Domiciliacións aplicadas no exercicio relativas á 4.ª cobranza de taxas de exercicios anteriores	-4.931.421,46	-4.630.282,19 €
<b>Cobros totais</b>	<b>108.674.058,71 €</b>	<b>113.028.996,57 €</b>
<b>% cobros totais/valores para xestionar</b>	<b>77,05%</b>	<b>77,89%</b>
<b>% cobros totais/valores realizables</b>	<b>77,47%</b>	<b>78,17%</b>
<b>% xestión (cobros globais + baixas )/valores para xestionar</b>	<b>77,60%</b>	<b>78,25%</b>



## B) DETALLE DO PERÍODO EXECUTIVO DE COBRO

Os resultados da xestión recadadora levada a cabo en período executivo de cobro no ORAL acumulan tanto os cargos pendentes de cobro xerados pola propia xestión do ORAL coma os que se derivan dos tributos e doutros ingresos que, xestionados directamente en vía voluntaria polos entes locais, se lles remiten ao ORAL para o seu cobro pola vía executiva.

O importe para xestionar en período executivo de cobro en 2021 supuxo o 22,2 % do total de valores en xestión, cunha contía de 19,7 millóns de euros do propio exercicio dos que tan só o 22 % (2.378.127,45 €) se corresponden con valores entregados polos entes xestores directamente para o seu cobro pola vía executiva.

EXERCICIO	2020	2021
Pendente inicial (1 de xaneiro)	74.196.704,51 €	69.468.603,59 €
Executiva enviada por entes delegantes	3.096.107,74 €	2.378.127,45 €
Valores en executiva no exercicio	17.457.099,40 €	17.345.014,66 €
Para xestionar (a)	94.749.911,65 €	89.191.745,70 €
Baixas en vía executiva	11.119.960,82 €	10.258.762,84 €
Valores realizables	83.629.950,83 €	78.932.982,86 €
Cobros entregados aos concellos en 2021 (b)	14.161.347,24 €	19.406.262,46 €
Pendente de cobro contable (31 de decembro)	69.468.603,59 €	59.529.849,10 €
<b>OUTROS COBROS E AXUSTES</b>		
Cobros parciais do exercicio entregados no seguinte	4.144.288,84 €	7.626.768,46 €
Cobros parciais de exercicios anteriores	0,00 €	-4.144.288,84 €
<b>Total de cobros</b>	<b>18.305.636,08 €</b>	<b>22.888.742,08 €</b>
Cobros/valores xestionados	19,32%	25,66%
Cobros/valores realizables	21,89%	29,00%
% xestión	31,06%	37,16%

O importe da recadación (total de cobros) ascendeu a 22,8 millóns de euros, incluíndo aqueles cobros parciais do exercicio realizados a 31 de decembro de 2021 e entregados aos entes delegantes no primeiro trimestre do ano 2022.

O comportamento da recadación en período executivo de cobro amosa un incremento moi notorio na porcentaxe de cobro sobre os valores en xestión nun só exercicio, que pasou do 19,32 % ao 25,66 % en 2021. A comparativa, non obstante, parte dunha anualidade na que o efecto da pandemia ocasionada pola COVID-19 fixo impulsar medidas de xestión que tiveron efectos nos calendarios voluntarios de cobro e na paralización nese exercicio de procedementos en vía executiva, que se retomaron acumulativamente no exercicio 2021. Non obstante, os propios cobros parciais xa amosan un resultado notorio derivado da resolución favorable para o ORAL de procesos contenciosos de notoria contía.



# Xestión das sancións de tráfico

O ORAL asume competencias encomendadas polos concellos en materia de sancións de tráfico. O alcance destas esténdense á colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de tráfico, así como á recadación voluntaria e executiva das sancións que deriven destes procedementos.

Neste marco, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021 rexistráronse na aplicación informática e xestionáronse por este órgano un total de **27.794 denuncias**, un incremento do 68,5 % respecto das rexistradas en 2020, e que se conforman polas efectuadas por axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, segundo se mostra na seguinte táboa:

RESUMO DAS DENUNCIAS TRAMITADAS	TOTAL	PORCENTAXE
Paradas e estacionamentos	9.784	35,20 %
Desobediencia a marcas e sinais	5.943	21,38 %
Incumprimento da ordenanza municipal	3.859	13,88 %
Exceso de velocidade	5.886	21,18 %
Incumprimento da obriga de identificar a persoa condutora	601	2,16 %
Uso do teléfono móbil	393	1,41 %
Uso do cinto de seguridade	233	0,84 %
Alcoholemias	470	1,69 %
Outros motivos	625	2,25 %

En canto aos datos de xestión e recadación das devanditas sancións, obtivéronse os seguintes resultados:

EXERCICIO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	RECADACIÓN EXECUTIVA	TOTAL RECADADO	INCREMENTO SOBRE O ANO ANTERIOR
2017	751.035,00 €	405.990,46 €	1.157.025,46 €	-
2018	850.529,00 €	380.335,90 €	1.230.864,90 €	6,38 %
2019	798.276,00 €	502.231,13 €	1.300.507,13 €	5,66 %
2020	723.055,00 €	528.633,13 €	1.251.688,13 €	-3,75 %
2021	1.424.631,00 €	789.558,84 €	2.214.189,84 €	76,90 %

EXERCICIO	PENDENTE INICIAL + CARGO LÍQUIDO	RECADACIÓN VOLUNTARIA	% COBROS
2017	1.499.151,00 €	751.035,00 €	50,10 %
2018	1.724.183,00 €	850.529,00 €	49,33 %
2019	1.842.360,00 €	798.276,00 €	43,33 %
2020	1.718.279,00 €	723.055,00 €	42,08 %
2021	2.527.710,00 €	1.424.631,00 €	56,36 %



# Inspección tributaria

O ORAL desenvolve por delegación dos distintos municipios as funcións inherentes á inspección tributaria e que actualmente se refire a tres tipoloxías de tributos: o imposto sobre actividades económicas (IAE), o imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) e a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións (TAEVP).

Un total de 50 concellos optaron por confiarlle ao ORAL a tramitación destes procedementos. Por tipoloxías, o IAE constitúe o imposto cun maior número, con 50 concellos, mentres que son 29 aqueles que optaron por delagala, e 26 a taxa por aproveitamento especial do dominio público en favor de empresas subministradoras.

A actividade inspectora despregada polo ORAL experimentou a partir de 2018 un crecemento considerable. Así, partindo de 74 expedientes anuais en 2018, en 2021 tramitáronse un total de 1.411 expedientes relativos á inspección dos tributos descritos.



Ano	Expedientes de inspección finalizados
2018	74
2019	691
2020	1.232
2021	1.411

Este incremento observado na evolución dos expedientes desde o primeiro ano de referencia tamén se reflicte na evolución dos cargos realizados polos tributos descritos:

Concepto	2018	2019	2020	2021
IAE	150.484,22 €	844.105,41 €	1.481.212,49 €	1.028.512,58 €
ICIO	188.685,25 €	100.231,82 €	185.670,53 €	415.675,81 €
TAXA 1,5	283.301,33 €	85.639,70 €	13.168,67 €	55.320,78 €
<b>Total de cargos</b>	<b>622.470,80 €</b>	<b>1.029.976,93 €</b>	<b>1.680.051,69 €</b>	<b>1.499.509,17 €</b>
<b>Total de baixas en voluntaria</b>	<b>1.010,04 €</b>	<b>15.774,95 €</b>	<b>11.190,63 €</b>	<b>6.553,00 €</b>
<b>Cobros íntegros sobre cargo líquido do exercicio</b>	<b>515.629,11 €</b>	<b>601.520,42 €</b>	<b>938.698,63 €</b>	<b>774.561,45 €</b>
<b>% cobros</b>	<b>82,97%</b>	<b>59,31%</b>	<b>56,25%</b>	<b>51,88%</b>
<b>Voluntaria do exercicio non finalizada</b>	<b>75.591,72 €</b>	<b>395.168,52 €</b>	<b>643.937,90 €</b>	<b>674.211,26 €</b>
<b>% cobros axustada</b>	<b>94,46%</b>	<b>97,17%</b>	<b>91,59%</b>	<b>94,60%</b>


Con carácter xeral, apréciase un incremento dos cargos por inspección ao longo do período que non se reflicte coa mesma intensidade nos cobros, debido a existencia de contías ao finalizar o exercicio para as que aínda non concluíra o período voluntario de cobro. Así, matizada a taxa con estas cantidades, esta sitúase nun 94,60 % dos cargos emitidos, o que supón tres puntos porcentuais máis que en 2020.

Cómpre, así mesmo, comentar a especial incidencia na inspección do imposto sobre actividades económicas. Neste tributo, o criterio asentado pola Sentenza do Tribunal Supremo 2011/2021, de 12 de maio de 2021, modifica a epígrafe empregada pola Administración e baixo a que se liquidaba as

entidades comercializadoras de enerxía eléctrica. Como consecuencia, isto provoca que os importes consignados na táboa poidan ser obxecto de revisión, o que se traduce nunha menor expectativa de cobro das contías dos cargos e unha posible adaptación á baixa da recadación polas devolucións de ingresos indebidos que segundo a sentenza referida se puidesen acordar.

Graficamente, a evolución dos cargos por inspección apréciase na seguinte gráfica:

### EVOLUCIÓN DOS CARGOS POR INSPECCIÓN



Para completar a análise da actividade desenvolvida polo ORAL, cómpre aludir aos procedementos sancionadores iniciados como consecuencia de infraccións detectadas no procedemento inspector. A evolución experimentada polo número de expedientes finalizados durante os anos analizados é parella á da inspección.

Ano	Procedementos sancionadores tramitados
2018	39
2019	96
2020	143
2021	156

A tramitación dos expedientes sancionadores descritos traducíuse na aprobación dos seguintes cargos por sancións tributarias, excluída a súa cuantificación a recarga provincial do IAE:

Cargos	Importe
2018	116,34 €
2019	173.161,61 €
2020	154.807,56 €
2021	194.403,31 €






# Xestión catastral

A Deputación de Pontevedra subscribiu en 2001 o Convenio de colaboración coa Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro), mediante o cal o ORAL leva a cabo, por conta da Dirección Xeral do Catastro, os labores de actualización e mantemento catastral dos seguintes concellos:


Agolada, Barro, Baiona, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, A Estrada, Fornelos de Montes, Gondomar, Lalín, A Lama, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Portas, Poio, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontecesures, Rodeiro, O Rosal, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vilaboa, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa.

Este convenio resolveuse e, como consecuencia, asinouse un novo en substitución do publicado no *Boletín Oficial do Estado* núm. 311, de 28 de decembro de 2021, e que amplía e mellora as competencias desenvolvidas por esta Deputación no ámbito catastral.

### 📊 DATOS DE TRAMITACIÓN POR TIPOLOXÍA



Durante o ano 2021 continuaron realizándose os labores de comprobación do territorio por parte das e dos axentes catastrais. Os seus resultados teñen un efecto inmediato na actualización do Catastro e incidencia nas figuras impositivas das facendas locais:





**Outras actuacións  
no eido da xestión**

## XESTIÓN DE EXPEDIENTES

A actividade do ORAL, tanto no relativo ao convenio de colaboración en materia de xestión catastral coma no que atinxe aos procedementos de xestión, recadación, comprobación e inspección en materia de tributos e outros ingresos de dereito público, pode avaliarse mediante a análise de expedientes xestionados. A continuación, recóllese a relación de expedientes por tipoloxía, finalizados durante o exercicio, tendo que matizar que a reorganización e normalización de procedementos provocou mudanzas nalgúns categorías coma a de "xestión interna", onde parte deste colectivo se tramita mediante "outros tipos de expedientes", colectivo que resulta afectado polas disposicións do Real decreto 203/2021 relativas á notificación postal a persoas xurídicas.

NÚMERO DE EXPEDIENTES XESTIONADOS (FINALIZADOS)	2019	2020	2021
Alteracións catastrais de orde xurídica	5.587	5.900	6.129
Outras alteracións catastrais	2.245	1.873	1.128
Declaracións	7.536	10.079	10.593
Beneficios fiscais	5.661	5.068	5.839
Adiamentos/fraccionamentos	4.221	4.347	3.352
Emisión de informe/certificación	6.083	3.861	4.586
Solicitudes de rateo IVTM/IAE	500	213	341
Outras solicitudes (suspensión, compensación, plan de pagamento personalizado...)	2.321	2.520	2.051
Recursos	5.979	6.500	6.059
Xestión interna (hipoteca legal tácita, sucesións)	593	427	85
Inspeccións e comprobacións	691	1.232	1.418
Procedemento sancionador	96	143	156
Declaracións de taxas e prezos públicos	7.317	10.147	8.941
Outros tipos de expedientes (afección de bens, procedemento concursal, derivacións, comunicacións e correspondencia diversa...)	3.378	2.978	7.335
<b>TOTAL</b>	<b>52.208</b>	<b>55.288</b>	<b>58.013</b>



## ANEXO: DETALLE DAS DELEGACIÓNS ASUMIDAS

Delegacións efectuadas polos distintos concellos:

CONCELLOS	IBI	IAE	IVTM	ALTAS		MULTAS		ICIO	XEST.		TAXAS	RECAD. EXEC.
				IVTM	IIVTNU	TRÁFICO	CATASTRAL					
Agolada	✓	✓	✓	✓					✓		✓	✓
Arbo	✓	✓	✓	✓							✓	✓
Baiona	✓	✓	✓		✓	✓	✓		✓		✓	✓
Barro	✓	✓	✓	✓				✓	✓		✓	✓
Caldas de Reis	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓
Cambados	✓	✓	✓		✓	✓			✓		✓	✓
Campo Lameiro	✓	✓	✓					✓	✓		✓	✓
Cangas	✓	✓			✓	✓	✓		✓		✓	✓
Cañiza, A	✓	✓	✓	✓		✓			✓		✓	✓
Catoira	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓
Cerdedo-Cotobade	✓	✓	✓						✓		✓	✓
Coveño	✓	✓	✓					✓	✓		✓	✓
Crecente	✓	✓	✓						✓		✓	✓
Cuntis	✓	✓	✓		✓	✓	✓		✓		✓	✓
Dozón	✓	✓	✓						✓		✓	✓
Estrada, A	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓
Forcarei						✓						✓
Fornelos de Montes	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓
Gondomar	✓	✓	✓			✓			✓		✓	✓
Grove, O						✓						✓
Illa de Arousa, A						✓					✓	✓
Lalín	✓	✓	✓	✓		✓	✓		✓		✓	✓
Lama, A	✓	✓	✓	✓					✓		✓	✓
Meaño	✓	✓	✓	✓	✓	✓			✓		✓	✓
Meis	✓	✓	✓	✓	✓		✓		✓		✓	✓
Moaña	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓
Mondariz	✓	✓	✓	✓	✓	✓			✓		✓	✓
Mondariz-Balneario	✓	✓	✓	✓	✓	✓			✓		✓	✓
Moraña	✓	✓	✓	✓					✓		✓	✓
Mos	✓	✓			✓	✓	✓		✓			✓
Neves, As	✓	✓	✓	✓		✓			✓		✓	✓
Nigrán	✓	✓						✓	✓			✓
Oia	✓	✓	✓		✓		✓		✓		✓	✓
Pazos de Borbén	✓	✓	✓	✓					✓		✓	✓
Poio	✓	✓	✓	✓	✓		✓		✓		✓	✓

CONCELLOS	IBI	IAE	IVTM	ALTAS IVTM	IIVTNU	MULTAS TRÁFICO	ICIO	XEST. CATASTRAL	TAXAS	RECAD. EXEC.
Ponte Caldelas	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Ponteareas	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓	✓
Ponteceures	✓	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓
Porriño, O	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Portas	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Rodeiro	✓	✓	✓	✓				✓	✓	
Rosal, O	✓	✓	✓		✓	✓		✓	✓	✓
Salceda de Caselas	✓	✓	✓		✓	✓	✓		✓	✓
Salvaterra de Miño	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	
Sanxenxo	✓	✓	✓				✓	✓	✓	✓
Silleda	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	
Soutomaior	✓	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓
Tomíño	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓
Tui	✓	✓	✓			✓	✓	✓	✓	✓
Valga	✓	✓	✓	✓		✓		✓	✓	✓
Vila de Cruces	✓	✓	✓	✓				✓	✓	✓
Vilaboa	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Vilagarcía de Arousa										✓
Vilanova de Arousa	✓	✓	✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓

**Delegacións efectuadas por outras entidades locais:**

OUTRAS ENTIDADES LOCAIS	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Comarcas de Deza e Tabeirós	✓	
Consortio Contra Incendios das Comarcas do Baixo Miño, do Condado e Louriña	✓	
Consortio Contra Incendios das Comarcas do Salnés (incluído o Consortio Provincial)	✓	
Consortio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro		✓
Consortio Provincial contra Incendios	✓	✓
Entidade Local Menor de Bembrive, Vigo		✓
Entidade Local Menor de Chenlo, O Porriño		✓
Mancomunidade de Val Miñor		✓
Mancomunidade do Morrazo (Bueu, Cangas e Moaña)	✓	✓



